

10

Ollos abertos

Cariño e amor de irmáns

Na familia relacionámonos cos irmáns. A pesar dos nosos pequenos conflitos, sempre está presente o amor e o cariño.

Helena quéixase dos seus irmáns pequenos: non colaboran na casa, estráganlle as cousas, acúsana aos pais... Pero cando están fóra, ¡canto os bota de menos!

Antonio sente celos das súas irmás. Pensa que os seus pais lles queren más a elas. Pero, cando o pensa, dáse conta de que lle queren moito e el mesmo se preocupa por elas.

Marcos enfádase co seu irmán maior porque o fai rabiar. Pero, non obstante, non se separa del, quere acompañalo a todos os lados.

María e Eva quérense moito. Pásano ben xogando ou falando. Cántanse todas as súas cousas. Aínda que, ás veces discuten, están moi unidas e non poden vivir unha sen a outra.

- ¿Como son as relacións cos teus irmáns?
- ¿Sucédeche a ti algo disto?
- ¿Como che gustaría que fose esa relación?



Mirada penetrante

A experiencia de vivir coma irmáns

Ser irmáns e vivir coma irmáns é unha experiencia moi fermosa. Esa experiencia prodúcenos alegría pero, á vez, tén as súas esixencias

■ Esixencias da relación entre irmáns

-
-
-
-
-
-

- ▶ ¿Que é o que nos custa máis?
- ▶ ¿Que é o que nos dá más satisfacción?



Oídos atentos

Xesús invítanos a vivir coma irmáns

A vida de Xesús está chea de amor a todos. Coa súa palabra e coas súas obras proclamou o gran amor de Deus aos homes e invitounos a todos a vivir coma irmáns, coma fillos do mesmo Pai.

■ 1 ■



- *Como me amou o Pai, así vos amei eu. (Xn 15,9)*
- *Ninguén tén amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. (Xn 15,13)*

■ 2 ■



- *Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros como eu vos amei. (Xn 15,12)*
- *Meus amigos, se Deus nos amou tanto, tamén debemos amarnos uns a outros. (1 Xn 4,11)*

▶ ¿Como habemos de amarnos os cristiáns?

- Como se aman os irmáns.
- Como Xesús nos amou.
- Como se queren os amigos.

▶ ¿Cal che parece a mellor forma de amar?

■ 3 ■ Calidades do amor



- *Se amades aos que vos aman, ¿que facedes de máis?.. E se facedes o ben aos que vos fan ben, ¿que mérito teredes? (Lc 6,32-33)*
- *Amade aos vosos inimigos; facédelles ben aos que vos odian. (Lc 6,27)*



- *Amémonos non de palabra nin de lingua, senón con feitos e de verdade. (1 Xn 3,18)*
- *¿Como pode estar o amor de Deus naquel que vendo pasar necesidade ao irmán lle pecha as súas entrañas? (1 Xn 3,17)*

► Repasa os textos bíblicos e sinala aquelas calidades do amor que Xesús nos pide:

SI NON

- A todos
- A uns poucos
- Aos que son bos
- Aos que nos tratan ben
- Só de palabra
- Con obras...

| | |
|--------------------------|--------------------------|
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

■ 4

- O primeiro mandamento é: amarás ao Señor, o teu Deus... O segundo é: amarás ao teu próximo como a ti mesmo. Non hai mandamentos más importantes ca estes. (Mc 12,29-31)
- O que non ama a seu irmán, ao que ve, non pode amar a Deus, a quen non ve. (1 Xn 4,20)

► ¿Como se demostra que queremos de verdade a Deus? _____

Memoria esperta

Amar como Xesús nos ensinou

A Igrexa anuncioi sempre o amor de Xesús e o seu mandamento novo do amor. Nós acollemos esta ensinanza e gardámola no noso corazón.

- ¿Como nos demostrou Xesús ese amor?
- ¿Como é o amor de Deus?

- ¿Que nos manifesta Xesús co seu amor?

- ¿Como quiere Xesús que nos amemos?





Mans activas

Dúas maneiras de ser irmáns

Xesús pídenos que nos amemos coma irmáns. Examinamos o comportamento que temos cos nosos irmáns.

- #### ■ O que actúa coma irmán...



- 
 - Alégrase cando lles fan regalos ou teñen éxito nas súas actividades.
 - É envexoso e celoso. Desexaría que só lle quixesen a el.
 - Tén paciencia con eles, cos seus fallos e defectos.
 - Corríxeos con cariño cando se portan mal.
 - Cóllellas as cousas e el nunca deixa nada.
 - Pégalles se non fan o que el di e quere.
 - Abusa dos máis pequenos ou dos que son más débiles.
 - Preocúpase de que estuden e se porten ben.
 - Está disposto a xogar con eles, cando llo piden.
 - Comparte as súas cousas con eles.
 - Deféndeos cando alguén os molesta ou se mete con eles.
 - Reconcíliase con eles e está disposto a facer as paces.
 - “Pasa deles”, non lle importan os seus problemas e preocupacións.
 - Axúdalles nos deberes e tarefas escolares.
 - Enfadase doadamente e cástalle perdoar.
 - É cariñoso cos máis pequenos.

- ▶ ¿Cales destes comportamentos son positivos (+) e cáles negativos (-)? Sinálaos en cada caso.
 - ▶ ¿Cales deses comportamentos temos nós?